

## Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Juan Carlos Vidal Aguiar, secretario da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría na sesión ordinaria celebrada o 21 de setembro de 2023 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:

### **1. Aprobación das actas das reunións anteriores**

A Xunta de Escola aproba as actas da reunión ordinaria do 07/06/2023 e da reunión extraordinaria do 12/07/2023.

### **2. Aprobación, se procede, dos acordos da comisión permanente**

A Xunta de Escola aproba a emisión dun informe favorable de docencia para o investigador distinguido Beatriz Galindo Juan Antonio Corrales Ramón.

### **4. Informe proposta Doutor Honoris Causa**

A Xunta de Escola aproba a emisión dun informe favorable a concesión do título de Doutor Honoris Causa ao Dr. Ramón López de Mántaras, profesor investigador emérito do Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

### **5. Aprobación, se procede, de modificacións nos horarios de Grao en Enxeñaría Química, Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Intelixencia Artificial, curso 2023-24**

A Xunta de Escola aproba os seguintes cambios nos horarios:

Grao en Enxeñaría Informática - Primeiro cuadrimestre:

- A sesión interactiva do grupo 1 de Enxeñaría do Software pasa do martes de 15:30-18:00 ao martes de 16:00-18:30.

Grao en Intelixencia Artificial - Primeiro cuadrimestre:

- A sesión interactiva do grupo 2 de Algoritmos pasa do mércores de 17:30-20:00 ao venres de 11:30-14:00.

Grao en Enxeñaría Química - Primeiro cuadrimestre:

Primeiro curso:

- A sesión interactiva do grupo-3 de Fund. Proc. Químicos do 7 de novembro adiántase ás 16h.
- A sesión interactiva do grupo-1 de Fund. Proc. Químicos do 9 de novembro adiántase ás 16h.
- A sesión interactiva do grupo-2 de Informática do 7 de novembro pásase ó 9 de novembro ás 18h.
- A sesión interactiva do grupo-1 de Informática do 9 de novembro pásase ó 7 de novembro ás 18h.

#### Segundo curso:

- A sesión interactiva do grupo-2 de Electrotecnia do 14 de novembro pásase ó 31 de outubro de 9-11h.
- A sesión interactiva do grupo-3 de TAEQ (Transporte de Fluídos) do 21 de novembro pásase ó 17 de novembro de 11-13h.
- A sesión do grupo de interactivas en inglés de Química Orgánica 2C do 1 de marzo pásase ó venres 8 de marzo de 9-13h.

#### Cuarto curso:

- A sesión interactiva do grupo-3 de Simulación y Optimización do 26 de outubro pásase ó 27 de outubro de 9-11h.
- As sesións interactivas de Simulación y Optimización da semana do 13-17 de novembro pásanse á semana do 11-15 de decembra de 9-11.
- A sesión interactiva do grupo-2 de Simulación y Optimización do 29 de novembro pásase ó 30 de novembro de 9-11.
- A sesión interactiva do grupo-3 de Simulación y Optimización do 30 de novembro pásase ó 4 de decembro de 9-11.

A Xunta de Escola tamén aproba os seguintes cambios propostos polo alumnado, que se aplican sobre os cambios anteriores:

- As sesións interactivas do grupo-2 de Fund. Proc. Químicos pásanse ós mércores.
- As sesións interactivas do grupo-ing de Fund. Proc. Químicos pásanse ós xoves.
- As sesións interactivas do grupo-1 de Fund. Proc. Químicos pasan dos xoves aos martes.
- As sesións interactivas do grupo-3 de Fund. Proc. Químicos pasan dos martes aos xoves.
- As sesións interactivas do grupo-1 de Informática de novembro pasan dos martes aos xoves.
- As sesións interactivas do grupo-2 de Informática de novembro pasan dos xoves aos martes.
- As sesións interactivas de Electrotecnia da semana do 30 de outubro ao 3 de novembro pásanse á semana do 13-17 de novembro.
- A sesión interactiva do grupo-1 de Electrotecnia do 13 de novembro pásase ao 17 de novembro.
- A sesión interactiva do grupo-3 de Simul. e Optimiz. do 27 de novembro pásase ao 26 de novembro.
- As sesións interactivas de Simul. e Optimiz. da semana do 18-22 de decembro pásanse á semana do 27 de novembro ao 1 de decembro.
- A sesión interactiva do grupo-2 de Simul. e Optimiz. do 29 de novembro pásase ao 27 de novembro.
- A sesión interactiva do grupo-1 de Automática pasa do venres ao xoves na semana do 30 de outubro ao 3 de novembro.
- A sesión interactiva do grupo-3 de Automática pasa do xoves ao venres na semana do 30 de outubro ao 3 de novembro.

## 6. Informe de docencia

A Xunta de Escola aproba a emisión dun informe de docencia desenvolvida na titulación de Enxeñaría Química e no Grao de Enxeñaría Química á Prof<sup>a</sup>. Rosa Montes Goyanes.

#### **7. Aprobación, se procede, de solicitudes de dispensa de asistencia a clase.**

A Xunta de Escola aproba a solicitude de Héctor López Lorenzo, alumno do Grado de Enxeñaría Química, de dispensa de asistencia a clase durante o mes de setembro nas materias Simulación e Optimización e Termodinámica Aplicada á Enxeñaría Química.

A Xunta de Escola denega a solicitude de Alberto Bravo López, alumno do Grao en Intelixencia Artificial, de dispensa de asistencia a clase para todas as materias do segundo curso.

#### **8. Aprobación, se procede, do nomeamento de membros de comisións académicas.**

A Xunta de Escola aproba o nomeamento do Prof. Carlos Rodríguez Osorio como novo membro da comisión do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, e os ceses da Prof<sup>a</sup>. Trinidad de Miguel Bouzas e do estudante Adrián Carpente Viqueira.

A Xunta de Escola aproba o nomeamento do Prof. Nicolas Vila Blanco como membro da Comisión do Máster Interuniversitario en Visión por Computador e o cese da Prof<sup>a</sup>. María José Carreira Nouche.

A Xunta de Escola aproba o nomeamento do Prof. Víctor Brea Sánchez como secretario da Comisión do Máster Interuniversitario en Visión por Computador e o cese como secretario da Prof<sup>a</sup>. Eva Cernadas García.

A Xunta de Escola aproba o nomeamento da Prof<sup>a</sup>. María Jesús Taboada Iglesias como novo membro da Comisión Permanente do Grao en Enxeñaría Informática e o cese do Prof. David López Vilariño.

A Xunta de Escola aproba a incorporación de Nicolás Vilela Pérez como representante do alumnado na Comisión do Máster Interuniversitario en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos o cese de Juan Carlos Nieto García.

#### **9. Aprobación, se procede, do nomeamento de coordinadora de prácticas do Grao en Enxeñaría Química.**

A Xunta de Escola aproba o nomeamento da Prof<sup>a</sup>. Gemma Eibes González como nova coordinadora de prácticas en empresa e o cese da Prof<sup>a</sup>. Almudena Hospido Quintana.

#### **10. Aprobación, se procede, do Regulamento de elección de representantes de curso**

A Xunta de Escola aproba o Regulamento de elección de representantes de curso.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Anexos:

- Acta Xunta de Escola 07/06/2023
- Acta Xunta de Escola 12/07/2023
- Informe de Xunta de Escola
- Proposta de horarios GrEI 2023-34
- Proposta de horarios GrEQ 2023-34
- Proposta de horarios GrIA 2023-34
- Proposta de nomeamento de Doutor Honoris Causa
- Regulamento de elección de representantes de curso

# ACTA

## XUNTA ORDINARIA DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

Data: 07 de xuño de 2023

Hora: 12:00 h. (2ª convocatoria)

Lugar: Aula de Proxectos

### Asistentes

#### Membros:

##### PDI permanente:

Argüello Pedreira, Francisco Santiago

Blanco Heras, Dora

Cabaleiro Domínguez, José Carlos

Calvo Iglesias, María Encina

Cariñena Amigo, María Purificación

Carreira Nouche, María José

Fernández Pena, Anselmo Tomás

Freire Leira, María Sonia

Garrido Fernández, Juan Manuel

Gil González, Álvaro

Gómez Díaz, Diego

González Álvarez, Julia

Hospido Quintana, Almudena

Losada Carril, David Enrique

Mosquera Corral, Anuska

Omil Prieto, Francisco

Pichel Campos, Juan Carlos

Rodríguez Martínez, Héctor

Rodríguez Presedo, Jesús María

##### Resto de PDI:

Vidal Aguiar, Juan Carlos

##### Alumnado de Grao e Máster:

Barreiro Domínguez, Víctor Xesús

**PAS:** Palacios Oubiña, María del Carmen

##### Convidados:

Quesada Barriuso, Pablo

Suárez Garea, Jorge Alberto

##### Xustifican a súa ausencia:

Francisco Fernandez Rivera

Francisco José Pena Brage

María Jesús Taboada Iglesias

Ana María Soto Campos

David López Vilariño

Jose Varela Pet

Alberto José Bugarín Diz

Darío Senin Sotelo

Manuel Mucientes Molina

Alejandro José Tobar Quintanar

Soto Campos, Ana María

### 1. Aprobación das actas das reunións anteriores

A Directora expón que están pendentes de aprobación a acta da reunión ordinaria de 30/03/2023 e as actas das reunións extraordinarias de 18/04/2023 e de 01/06/2023. A acta de 18 de abril figuraba como ordinaria pero xa se fixo a correspondente corrección.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, as actas apróbanse por asentimento.

### 2. Informes

- **Informe de persoal:** A Directora indica que se ampliou o equipo de dirección do centro coa concesión dun novo subdirector. Este feito provocou a incorporación do Prof. Juan Carlos Vidal Aguiar como novo Secretario substituindo ao Prof. Óscar Rodríguez Figueiras que pasa a ser o novo Subdirector. Neste proceso reasignáronse algunhas tarefas entre os membros do equipo.

Así, Juan Carlos Vidal Aguiar pasará a ser o RAM do centro en substitución de David Losada Carril (este aspecto se tratará no punto 4 da Xunta de Escola). Tamén se presentou a proposta para que Juan Carlos Vidal Aguiar substitúa a David Losada Carril como Presidente nas Comisións do Grao en Intelixencia Artificial, do Máster en Intelixencia Artificial e do Máster en Visión por Computador. Estes nomeamentos están pendentes de ser ratificados por parte do Reitor.

- **Informe de espazos:** A Directora comenta que está previsto que as obras da segunda fase de remodelación do Edificio Emprendia, coa que se habilitarán 6 aulas máis para a ETSE (2 grandes de aproximadamente 90 prazas e 6 pequenas de 28 prazas) empecen a próxima semana. Está previsto que as obras estean rematadas a finais do mes de agosto, co que poderán estar dispoñibles para o inicio das clases o 11 de setembro.

A Directora indica que este ano tamén vaise cambiar a cuberta do edificio ETSE, obra cuxo inicio está previsto no mes de xuño. Esta obra non irá a cargo da Obra RAM do centro senón que é por conta da USC.

Finalmente, a Directora menciona que a ETSE, xunto co Departamento de Electrónica e Computación, están tratando coa Xerencia da USC a dotación de despachos para o novo profesorado do Departamento de Electrónica e Computación que se incorporará o próximo curso (6 profesores/as).

- **Informe de títulos:** A Directora indica que a “Enquisa de avaliación de competencias” da ETSE foi recoñecida como Boa Práctica de Calidade na IV convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2022), polo que o centro recibirá 1200 €.

A Directora menciona que o 10/05/2023 publicouse o “Ranking El Mundo 50 Carreras” onde o Grao en Enxeñaría Química volve a estar situado entre os cinco primeiros postos do Ranking das titulacións de Enxeñaría Química, subindo ao cuarto posto.

Finalmente, a Directora comenta que o 27/04/2023 convocouse o proceso de selección de titulacións de Máster Universitario impartidas pola USC no curso 2022-2023 para optar á mención de excelencia da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. A ETSE presentou o Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, que pasou a primeira fase.

- **Normativas:** A Directora menciona que o Ministerio de Universidades comunicou a paralización da normativa sobre ámbitos de coñecemento e organización dos Departamentos universitarios como consecuencia da Convocatoria anticipada de eleccións xerais. Polo mesmo motivo, tamén entrou en suspensión a normativa para regular a cotización do estudiantado universitario en prácticas que tería que entrar en vigor en outubro de 2023 según o establecido no “Real Decreto-ley 2/2023, de 16 de marzo, de medidas urgentes para la ampliación de derechos de los pensionistas, la reducción de la brecha de género y el establecimiento de un nuevo marco de sostenibilidad del sistema público de pensiones”. Respecto a este punto, a Directora remarca que a USC xa manifestou a súa intención de facerse cargo do pago da Seguridade Social, tanto para as prácticas remuneradas como non remuneradas, aínda que non está decidido como se vai a xestionar o proceso.
- **Informes de coordinadores/as:**

O Prof. Juan Carlos Pichel Campos informa que dende a última Xunta de Escola só houbo unha reunión da Comisión Académica do Grao en Enxeñaría Informática realizada o 06/06/2023. Nesa comisión aprobáronse as guías docentes para o curso 23/24 e informouse sobre as modificacións do Plan Executivo da ETSE. Por outro lado, fíxose unha análise detallada sobre os resultados das enquisas de cargas de traballo, tanto do primeiro cuadrimestre como do

segundo. Finalmente, buscáronse alternativas para incentivar a participación dos estudantes nas enquisas de avaliación da docencia xa que esta é moi baixa.

A Profª. Anuska Mosquera Corral informa que o día 05/06/2023 celebrouse una reunión da Comisión Académica do Grao en Enxeñaría Química. Nesa comisión aprobáronse as guías docentes para o curso 23/24 e informouse sobre o Plan Executivo da ETSE.

O Prof. David Losada Carril informa que na última Comisión Académica do Grao en Intelixencia Artificial tratáronse os seguintes puntos:

- Redución do número de horas na tarde do venres.
- Publicación do plano de estudos no DOG do 23/03/23 (RR 06/03/23) e no BOE do 26/04/23 (RR 13/04/23).
- Celebración dos encontros virtuais os días 19-21 de xuño. Así mesmo, discutiuse a reestruturación da páxina de difusión <https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais/etse>.
- Conveniencia de establecer unha cota reducida de traslados dentro do grao. para 2º curso (5 estudantes) e algo maior (10 para 3º/4º). Este punto terá que acordarse na próxima reunión da Comisión Interuniversitaria.
- Presentación do Plan Executivo de Calidade da ETSE.
- Revisión e solicitude de cambios na programación docente dalgúns materias.
- Análise dos resultados da enquisa de carga de traballo do 2º cuatrimestre, destacando a súa pouca representatividade (12 respostas por materia) que, ao non ser coincidentes nas causas non permiten obter conclusións significativas.
- Cesamento do Prof. José Ameijeiras como Coordinador de 1º e 2º ao deixar de ser docente no GrIA e nomeamento do Prof. David Mera Pérez como novo coordinador de 1º e 2º.
- Análise da ponderación ABAU da materia “Tecnoloxía e Enxeñaría”. Acórdase subscribir os termos do escrito recibido da APETEGA. O coordinador contactará neste sentido coas coordinacións da UdC e UVIGO e dos restantes GrIA que se imparten en España.

O Prof. Francisco Omil Prieto informa que na Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental do día 05/11/2023:

- Aprobouse a acta de reunión de 24/03/2023.
- No punto de informes, se presentou o Plan Executivo da ETSE e analizáronse os resultados da Enquisa do Módulo 3. Ademais, discutiuse a reconfiguración de calendarios, o envío do Cuestionario El Mundo 2023 e o envío do informe de seguimento da Mención de Excelencia.
- Aprobáronse as guías docentes para o curso 2023-2024.
- Modificouse a composición da Comisión do Título incorporando a Profª. Almudena Hospido Quintana.

O Prof. Héctor Rodríguez Martínez informa que dende a reunión ordinaria de Xunta de Escola anterior, a Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos celebrou dúas reunións, con datas 2-5-2023 e 30-5-2023:

- A reunión do 2-5-2023 estivo motivada principalmente pola presentación de alegacións ó anteproxecto de modificación da Memoria do Título elaborado pola Comisión Redactora. Recollendo comentarios formulados na reunión extraordinaria de Xunta de Escola na que se presentou este anteproxecto, así como comentarios recibidos por parte de membros do Comité Externo de Apoio ás Titulacións de Enxeñaría Química da ETSE, a Comisión Académica decidiu presentar unha serie de alegacións, que posteriormente a Comisión Redactora abordou e aceptou. Nesa reunión tamén se indicou que para o curso 2023-2024 haberá novo profesorado incorporándose ó máster: Carlos Rodríguez Osorio suplirá a Trinidad de Miguel Bouzas na materia de Biocatálise, e Noelia Romero Castro retorna para volver facer tándem docente con Juan Piñeiro Chousa nas materias de Creación de Empresas e de Xestión Empresarial. Adicionalmente, ratificáronse as aprobacións de varias propostas de TFM e dos horarios para o curso 2023-2024, que foran aprobadas polo procedemento de urxencia; tomouse a decisión de preparar un ano máis a documentación para participar no suplemento anual “250 Máster” do xornal El Mundo; e, igualmente,

decidiuse participar na convocatoria interna da USC para a selección de másters que opten á convocatoria de mención de excelencia a másters do SUG, da Xunta de Galicia.

- Na reunión do 30-5-2023, o punto principal a tratar foi a aprobación das programacións docentes das materias para o curso 2023-2024. Tal como viñeron revisadas dos respectivos departamentos, todas as programacións foron aprobadas sen necesidade de introduciren cambios. A maiores, tratáronse modificacións menores de horarios e calendario de exames para o curso 2023-2024 e presentáronse os resultados das enquisas internas de valoración dos módulos do primeiro semestre do ano académico actual. Ademais, informouse da superación da primeira fase da convocatoria interna da USC para a selección de másters candidatos á mención de excelencia da Xunta de Galicia, pasando así á segunda fase.

O Prof. Pablo Quesada Barriuso informa que dende a última Xunta de Escola só houbo unha reunión telemática da Comisión Académica do Máster en Computación de Altas Prestacións na que se presentou o Plan Executivo da ETSE.

O Prof. Juan Carlos Vidal Aguiar informa que dende a última Xunta de Escola só houbo unha reunión telemática da Comisión Académica do Máster en Intelixencia Artificial realizada o 05/06/2023 no que se aprobou o Regulamento de TFM do Máster en Intelixencia Artificial e se presentou o Plan Executivo da ETSE.

### **3. Ratificación dos acordos de Comisión Permanente**

A Directora informa que na reunión ordinaria da Comisión Permanente o 05/05/2023 aprobáronse os horarios do Máster en Xestión Sostible da Auga para o curso 2023-24 e un cambio de horario dunha materia do Grao en Enxeñaría Química. Ademais, fíxose a proposta de nomeamento dun novo membro da comisión redactora do Máster en E-Health e da Comisión Académica do Máster en Xestión Sostible da Auga.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, os acordos son ratificados por asentimento.

### **4. Nomeamento do novo RAM**

A Directora menciona que o pasado 11/05/2023 tomou posesión o Prof. Juan Carlos Vidal Aguiar como Secretario da Escola. A dirección do centro propón que pase a ser Responsable Académico de Mobilidade (RAM) en substitución do Prof. David Losada Carril a quen se lle agradece o traballo desenvolvido neste posto.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, o cambio apróbase por asentimento.

### **5. Proposta de nomeamento da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental**

A Directora indica que a Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental propón un cambio na composición da Comisión, que de acordo co novo “Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC”, aprobado polo Consello de Goberno o 28/10/2022, ten que ser aprobado pola Xunta de Escola. O cambio que se propón e incorporar a Prof. Almudena Hospido Quintana como membro da Comisión.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, o cambio apróbase por asentimento.

### **6. Cese dos coordinadores de titulación de Grao en Enxeñaría Química e Grao en Enxeñaría Informática e nomeamento dos novos coordinadores**

A Directora informa que tanto o Coordinador do Grao en Enxeñaría Informática/Doble Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas, o Prof. Juan Carlos Pichel Campos, como a Coordinadora do Grao en Enxeñaría Química, a Profª. Anuska Mosquera Corral, presentaron a súa solicitude de cese como coordinadores á Dirección da ETSE para que sexa efectivo ao iniciarse o próximo curso, de forma que os novos coordinadores/as iniciarían a súa actividade o 1 de setembro de 2023. O equipo de dirección agradécelles a súa dedicación e o traballo desenvolvido.



A dirección do centro propón ao Prof. Jorge Alberto Suárez Garea como Coordinador do Grao en Enxeñaría Informática/Doble Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas e a Profª. Almudena Hospido Quintana como Coordinadora do Grao en Enxeñaría Química.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, o proposta apróbbase por asentimento.

#### **7. Aprobación, se procede, de modificacións de horarios dos graos, curso 2023-24**

A Directora informa que existen propostas de cambios de horarios do próximo curso para os tres títulos de Grao que se achegaron á convocatoria. O Secretario informa dos principais cambios:

Grao en Enxeñaría Química - Primeiro cuatrimestre:

- A sesión expositiva da materia Fundamentos Máquinas e Resistencia Materiais pasa do xoves de 12:00-13:00 ó venres de 12:00-13:00.
- A sesión expositiva da materia Procesos de Química Industrial pasa do venres de 17:00-18:00 ó xoves de 18:00-19:00.
- Tódalas sesións interactivas das materias do segundo semestre do segundo curso, menos Economía de Empresa, sufriron cambios para evitar o solapamento entre grupos.

Grao en Enxeñaría Química - Segundo cuatrimestre:

- O inicio das sesións interactivas de Estatística atrásanse dúas semanas.

Grao en Enxeñaría Informática - Primeiro cuatrimestre:

- A sesión interactiva de Sistemas Operativos I pasa do mércores de 9:00-11:30 ó mércores de 9:30-12:00.
- A sesión interactiva de Programación Orientada a Obxectos pasa do mércores de 11:30-14:00 ó mércores de 12:00-14:30.

Grao en Intelixencia Artificial - Primeiro cuatrimestre:

- A sesión expositiva de Enxeñaría do Software pasa do luns de 16:30-17:30 ó martes de 15:30-16:30.
- A sesión expositiva de Base de Datos do xoves de 16:00-17:00 pasa ó venres de 16:00-17:00, así como a sesión do martes de 16:00-17:00 que pasa ó martes de 16:30-17:30.
- A sesión expositiva de Redes pasa do venres de 16:00-17:00 ó venres de 15:00-16:00.
- A sesión expositiva de Algoritmos pasa do martes de 15:00-16:00 ó luns de 16:30-17:30, así como a sesión do venres de 15:00-16:00 que pasa ó xoves de 16:00-17:00.
- A sesión interactiva de Enxeñaría do Software (grupo 1) pasa do martes de 17:00-19:30 ó martes de 17:30-20:00.
- A sesión interactiva de Base de datos (grupo 2) pasa do venres de 17:00-19:30 ó martes de 12:00-14:30.
- A sesión interactiva de Redes (grupo 1) pasa do martes de 17:00-19:30 ó martes de 12:00-14:30.
- A sesión interactiva de Algoritmos (grupo 1) pasa do venres de 17:00-19:30 ó martes de 17:30-20:00.

Grao en Intelixencia Artificial - Segundo cuatrimestre:

- A sesión interactiva de Fundamentos de Aprendizaxe Automático (grupo 1) pasa do venres 17:30-20:00 ó venres de 11:30-14:00.
- A sesión interactiva de Algoritmos Básicos de Intelixencia Artificial (grupo 2) pasa do venres de 17:30-20:00 ó venres de 11:30-14:00.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, o proposta de cambio apróbbase por asentimento.

#### **8. Aprobación, se procede, dos calendarios de exames dos graos, curso 2023-24**

A Directora informa da proposta de calendarios de exames para os tres títulos de grao, que se achegaron á convocatoria.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, o proposta apróbbase por asentimento.

#### **9. Aprobación, se procede, das programacións docentes do graos e do Máster en Xestión Sostible da Auga, curso 2023-24**

A Directora comenta que as programacións docentes das materias dos títulos de grao foron aprobadas polos Departamentos o 29/05/2023 e revisadas polas comisións de título ou pola Comisión Redactora no caso do Máster en Xestión Sostible da Auga, xa que a Comisión Académica está proposta pero non nomeada. A Directora indica que no caso do Grao en Enxeñaría Química, Grao en Enxeñaría Informática e Máster en Xestión Sostible da Auga tódalas programacións docentes están correctas. No caso do Grao en Intelixencia Artificial solicitaronse cambios nalgunhas materias e aínda está pendente de confirmación que as modificacións solicitadas foron aplicadas. A Directora propón a aprobación condicionada a que se confirmen os cambios.

A Directora agradece ao profesorado a celeridade en realizar os cambios dado o pouco tempo que houbo para revisar as guías. As materias afectadas foron as seguintes:

G4121101	Álgebra
G4121102	Cálculo e análise numérica
G4121103	Matemática discreta
G4121104	Programación I
G4121105	Introdución aos computadores
G4121106	Estatística
G4121107	Programación II
G4121110	Xestión de organizacións
G4121221	Optimización matemática
G4121222	Algoritmos
G4121226	Computación concorrente, paralela e distribuída
G4121227	Autómatas e linguaxes formais
G4121228	Fundamentos de aprendizaxe automática
G4121229	Algoritmos básicos da intelixencia artificial

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, apróbanse por asentimento as programacións co condicionamento indicado no caso do Grado en Intelixencia Artificial.

#### **10. Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade da ETSE 2021-22**

A Directora informa que a memoria de calidade da ETSE do curso 2021-22, que se achegou á convocatoria, recolle o desenvolvemento do plan estratéxico do centro, o seguimento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e os seus resultados en base ás cinco directrices establecidas, ó informe do desenvolvemento do plan de melloras do centro do curso 2021-22 e á proposta dos obxectivos de calidade e accións de mellora para o presente curso 2022-23. A memoria foi aprobada pola Comisión de Calidade da ETSE o 16/05/2023. Recibiuse o informe técnico da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización o 26/05/2023 no que se indicaban unha serie de recomendacións a ter en conta dado que estamos no proceso de renovación do certificado do SGC. Nas recomendacións solicitábase completar algúns aspectos relativos as directrices 2 e 3 (detallar para tódolos títulos o programa de acollida, os mecanismos de coordinación dos másteres interuniversitarios, o plan de difusión e a discusión das taxas das materias) e tratar de incorporar indicadores cuantitativos nos obxectivos de calidade. Fixéronse as modificacións solicitadas na memoria, revisadas pola Comisión de Calidade o 01/06/2023, polo que o último paso é a súa aprobación pola Xunta de Escola. A Directora indica que se preparou unha versión revisada recollendo na lista de acreditacións do centro, a data de publicación no DOG da concesión de excelencia ó Máster en Computación de Altas Prestacións e a renovación da certificación ISO 45001 despois da suspensión que nos foi comunicada o día 05/06/2023.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, apróbbase por asentimento.

#### **11. Aprobación, se procede, do orzamento de 2023**

A Directora informa que este ano prorrogáanse os orzamentos do ano 2022 en canto a gastos correntes e mobiliario e equipamento e Obra RAM. No Capítulo II súmanse 300 € dunha axuda de normalización lingüística e 1200 € do recoñecemento de boas prácticas de calidade da convocatoria 2022. En canto ao reparto do crédito o 30% da parte xeral do Capítulo II repártese entre os másteres e os departamentos que imparten docencia nos graos en función das horas docentes equivalentes. A parte do Capítulo II destinada a materias experimentais repártese inicialmente como en anos anteriores co 60% para o mantemento de laboratorios e de aulas de informática na relación 75%/25%. A Directora indica un cambio con respecto ao orzamento dos anos anteriores posto que no mantemento de laboratorios vanse financiar as prácticas que se desenvolven noutros centros da USC (Fac. de Física e Química) en función da docencia interactiva de laboratorio das materias. A financiación destas prácticas foi solicitada polo Departamento de Química Inorgánica e considerouse que tódalas prácticas externas terían que ser financiadas. Posto que supón unha redución do orzamento para os laboratorios ETSE, modificouse lixeiramente a distribución entre laboratorios/aulas de informática con respecto aos anos anteriores, de 70/30 a 75/25. Con todo, en caso de necesidades adicionais poderíanse cubrir coa parte restante do Capítulo II.

A Directora comenta que un 10% da parte xeral do Capítulo II resérvase para gastos asociados a actividades da Aula Profesional, para financiar visitas técnicas non cubertas pola USC, ou outros gastos asociados ao alumnado.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, apróbbase por asentimento.

### **12. Aprobación, se procede, do Regulamento de TFM do Máster en Intelixencia Artificial**

A Directora informa da proposta do Regulamento de TFM do Máster en Intelixencia Artificial que se achegou á convocatoria e procede a súa aprobación pola Xunta de Escola. O Prof. Juan Carlos Vidal, que estivo directamente implicado na súa elaboración, fai unha breve presentación dos aspectos máis salientables do mesmo.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, apróbbase por asentimento.

### **13. Recoñecemento, se procede, da actividade "Medicina de precisión personalizada: da teoría á práctica", como créditos ECTS para o Grao en Enxeñaría Informática**

A Directora comenta que a Fundación Instituto Roche, en colaboración coa USC, organiza o Curso "Medicina Personalizada de Precisión: da teoría á práctica", dirixido a alumnos dos graos de Ciencias da Saúde ou a outros graos relacionados coa medicina do futuro, co obxectivo de complementar a formación relacionada cos avances da bioloxía molecular nos profesionais sanitarios do futuro. O programa detallado achegouse á convocatoria e solicítase confirmación do interese para que o curso sexa recoñecido con 1 ECTS para o alumnado do Grao en Enxeñaría Informática e o Doble Grao en Enxeñaría informática e Matemáticas. A Directora indica que non foi posible tratar este punto na Comisión de Título, só de informal, pero o Coordinador manifestou o interese do curso para o alumnado do Grao en Enxeñaría Informática.

Sen comentarios por parte da Xunta de Escola, apróbbase o recoñecemento desta actividade por asentimento.

### **14. Aprobación, se procede, da normativa de premios "Beatrice Alice Hicks"**

A Directora indica que na Xunta de Escola de 30/05/2023 aprobouse a creación do "Premio Beatrice Alice Hicks ao alumnado mais comprometido na participación universitaria" quedando pendente a definición dos criterios de asignación. A Comisión de Calidade da ETSE elaborou unha proposta na súa reunión de 16/05/2023 e procede a súa aprobación pola Xunta de Escola. A Directora expón os criterios da normativa. María José Carreira Nouche indica a necesidade de reducir proporcionalmente a puntuación recibida cando a participación sexa inferior ó 50%. Os demais membros da Xunta concordan neste punto. A Xunta tamén acorda que o premio consista nun diploma acreditativo e material por valor de 200 €.

Sen mais comentarios por parte da Xunta de Escola, apróbase por asentimento.

### **15. Aprobación, se procede, das ponderacións das probas ABAU**

A Directora informa que como consecuencia do cambio producido nas materias de Bacharelato é necesario actualizar a táboa de ponderacións das materias das ABAU. Os encargados das ABAU dos 17 distritos a nivel español tiveron unha reunión co fin de elaborar unha proposta de ponderación consensuada entre todos os distritos e no ficheiro que se achegou a esta convocatoria figura a proposta para os títulos da USC.

Entre as novas materias que se incorporarán no curso 23-24 está “Tecnoloxía e Enxeñaría” á que se lle asigna unha ponderación de 0,1 para todos os títulos de grao que se imparten na ETSE. Neste sentido, recibíuse unha petición que se achegou á convocatoria de APETEGA (asociación do profesorado de Tecnoloxía de Galicia), en representación do profesorado asociado, os profesores e profesoras que imparten a materia de modalidade “Tecnoloxía e Enxeñaría”, na que se solicitan que esta materia pase a ter ponderación de 0,2 nos graos con perfil tecnolóxico, é dicir todos os da rama de Enxeñaría e Arquitectura e que se aplique xa no curso 2023-24.

A maiores da incorporación desta materia hai outros cambios nas ponderacións asignadas no curso 25-26 que afectan aos graos da ETSE:

- Grao en Enxeñaría Informática: Reducir de 0,2 a 0,1 a ponderación de “Debuxo Técnico II” e “Química” e incorpora con 0,1 as “Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II”.
- Grao en Enxeñaría Química: Ponderar con 0,1 ás materias de “Deseño” e “Xeoloxía”.
- Grao en Intelixencia Artificial: Reducir de 0,2 a 0,1 a ponderación de “Debuxo Técnico II”, “Deseño, Economía de Empresa” (Empresa e modelos de negocio), “Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II” e “Química”, e de 0,2 a 0 a de “Bioloxía”.

Os datos foron analizados polas tres comisións de grao e a proposta é a seguinte:

- Para os tres títulos de Grao en Enxeñaría Informática, Grao en Enxeñaría Química e Grao en Intelixencia Artificial a ponderación da nova materia optativa “Tecnoloxía e Enxeñaría” tería que ser 0,2 posto que os seus contidos teñen unha conexión clara e directa cos títulos tecnolóxicos. Este cambio debería aplicarse xa no curso 2024-25.
- No caso do Grao en Enxeñaría Química e do Grao en Enxeñaría Informática estase de acordo co resto dos cambios propostos.
- Para o Grao en Intelixencia Artificial considérase que deberían manterse no curso 2025-26 as ponderacións propostas para o curso 24-25 posto que foron fixadas para o curso actual 22-23 e non hai elementos novos que xustifiquen o cambio.

A Xunta de Escola, tras estudar as ponderacións propostas polas comisións e un proceso de discusión acorda:

- Ponderar con 0,2 a materia optativa “Tecnoloxía e Enxeñaría” para os tres graos da ETSE.
- Ponderar con 0,2 as materias de “Debuxo Técnico II” e “Química”, e manter as demais ponderacións propostas para o Grao en Enxeñaría Informática.
- Ponderar con 0 a materia de “Deseño”, e manter as demais ponderacións propostas para o Grao en Enxeñaría Química.
- Manter as demais ponderacións xa establecidas do curso actual 22-23 para o Grao en Intelixencia Artificial, xa que non hai elementos novos que xustifiquen un cambio.

Sen mais comentarios por parte da Xunta de Escola, apróbase presentar esta proposta por asentimento.

### **16. Quenda aberta**

Sen mais cuestións, dáse por finalizada a sesión ás 13:45h.

# ACTA

## XUNTA EXTRAORDINARIA DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

Data: 12 de xullo de 2023

Hora: 12:00 h. (2ª convocatoria)

Lugar: Salón de Actos

### Asistentes

#### Membros:

##### PDI permanente:

Argüello Pedreira, Francisco Santiago  
Barro Ameneiro, Senén  
Blanco Heras, Dora  
Bugarín Diz, Alberto José  
Cabaleiro Domínguez, José Carlos  
Calvo Iglesias, María Encina  
Cariñena Amigo, María Purificación  
Fernández Pena, Anselmo Tomás  
Freire Leira, María Sonia  
García Tahoces, Pablo  
Gómez Díaz, Diego  
González Álvarez, Julia  
Guerra Pestonit, Rosa Ana  
Hospido Quintana, Almudena  
Mosquera González, Antonio

Omil Prieto, Francisco  
Pardo López, Xosé Manuel  
Pedrido Castiñeira, Rosa María  
Pena Brage, Francisco José  
Rodil Rodríguez, Eva  
Rodríguez Figueiras, Óscar  
Rodríguez Martínez, Héctor  
Soto Campos, Ana María  
Tobar Quintanar, Alejandro José  
Varela Pet, José

##### Resto de PDI:

